Os Pinos

¿Qué din os rumorosos
na costa verdecente
ao raio transparente
do prácido luar?
¿Qué din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido
e de benignos astros
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso ronco son,
mais sóo os iñorantes
e féridos e duros,
imbéciles e escuros
non nos entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das edades
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois, donde quer, xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán.

Eduardo Pondal (1835-1917)

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

CONCELLO DE CAMBADOS
CONCELLARÍA DE CULTURA

CAMBADOS
2017 Cidade Europea do Viño

LETRAS GALEGAS 2017



Eduardo Pondal
Centenario da súa morte



Día das Letras dedicadas a
Carlos Casares



"Da terra asoballada"
Centenario 1917-2017

CAMBADOS

MAIO

Durante o mes de maio nos centros educativos de Cambados organizarase unha exposición bibliográfica *"Libros coma mazás"* con, aproximadamente, corenta obras de Carlos Casares e que estará instalada dous días en cada centro. Esta exposición itinerante farase coincidir cunha proxección audiovisual, *"Carlos Casares, o señor dos libros"* axeitada aos diferentes niveis educativos de primaria e secundaria.

Día 10 (mércores)

· 20:30 No salón de actos de Exposalnés, no centenario de *"Da Terra Asoballada"*,o profesor e escritor Xosé Manuel Millán Otero falará sobre "Ramón Cabanillas, cantor da Terra Liberada".

Día 12 (venres)

· No paseo da Calzada, inicio da exposición dos paneis elaborados polos centros de ensino de Cambados, con motivo da celebración das Letras Galegas 2017, adicadas a Carlos Casares.

Día 15 (luns)

· 12:00 No Paseo da Calzada, Ofrenda floral e poética, dos centros de ensino, no Día das Letras Galegas, pechando coa interpretación do *Himno Galego*.

· 12:30 No Paseo da Calzada, espectáculo *Canta Connosco*! de Migallas Teatro.

· 17:00-20:00 No Paseo da Calzada, Lectura continuada de *Da Terra Asoballada*, no seu centenario, por persoas representativas de diferentes colectivos cambadeses.

Días 15-19

· 17:30 Nas Casas de Cultura das parroquias, *"Gran xogo das Letras Galegas"* da man de Eduvía Educación, dentro do programa Ler Conta Moito (día 15 en Oubiña, día 16 en Corvillón, día 18 en Castrelo e día 19 en Vilariño).

Día 17 (mércores)

· 10:00-13:00 Na piscina municipal, nova edición do campionato de natación escolar das Letras Galegas

· 12:00 No paseo marítimo de Cambados, inauguración da Exposición de escultura da Escola de Canteiros de Poio

· 13:00 No Auditorio Municipal da Xuventude, Concerto das Letras Galegas a cargo da Banda de Música de Castrelo

MAIO

Día 23 (martes)

· 20:30 Na Biblioteca Municipal Luís Rei , presentación do libro: *"Blues para Moraima"* (Premio Blanco Amor 2016), de Miguel Anxo Fernández. Acto organizado polas librarías Ramón Cabanillas e Contos.

XUÑO

Día 2 (venres)

· 20:30. No Auditorio Municipal da Xuventude, presentación do proxecto audiovisual *"O HIMNO, por Andrea Pousa"*, conmemorando o centenario da morte de Eduardo Pondal (Ponteceso, 1835 - A Coruña, 1917)

Día 3 (Sábado)

· 20:30. No Auditorio Municipal da Xuventude entrega do XIV Premio Ramón Cabanillas ao escritor e catedrático da Universidade de Vigo, Xosé Ramón Pena. Acto organizado polas librarías Ramón Cabanillas e Contos e polo Concello de Cambados.

Día 4 (Domingo)

· 20:30. No Auditorio Municipal da Xuventude representación teatral da obra de Ramón Cabanillas *"A man da santiña"*, a cargo da compañía Teatro no Garaxe.

Día 14 (mércores)

20:30. No Salón de Actos de ExpoSalnés presentación do libro "Floreano", de Gogue. Acto organizado polas librerías Ramón Cabanillas e Contos.

XULLO

Día 17 (luns)

· Celebración do cincuentenario da morte de Plácido Castro. Faleceu o 17 de xullo do ano 1967, na súa casa da Calzada. Acto organizado pola Fundación Plácido Castro.